

BASES DO PROCESO SELECTIVO PARA A SELECCIÓN E CONTRATACIÓN DO PERSOAL TÉCNICO PARA O PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO DA MANCOMUNIDADE TERRA DE CELANOVA “EMPREGANDO EN TERRA DE CELANOVA”

1. Obxecto

É obxecto da presente convocatoria a selección e contratación, con carácter temporal dos seguintes postos de persoal laboral: Coordinador do proxecto, Orientador de Inserción Laboral e Técnico de Xestión de Emprego, como equipo técnico para desenvolver o programa integrado de emprego “Empregando en Terra de Celanova”.

2. Postos de traballo:

- a) 1 Coordinador/a do proxecto. 16 horas á semana
- b) 1 Orientador/a de Inserción Laboral a xornada completa
- c) 1 Técnico/a de xestión de emprego a 24 horas á semana
O horario de traballo será de mañá e tarde.

3. Natureza e duración dos contratos:

- a) O contrato terá a modalidade de obra ou servizo de duración determinada
- b) A duración será de 10 meses de contrato rematando en todo caso o 30 de novembro de 2018.
- c) As retribucións serán as establecidas no V Convenio colectivo único para el personal laboral de la Xunta de Galicia
- d) Establécense os seguintes períodos de probas:
 - Para o posto de Coordinador/a do proxecto: Tres (3) meses
 - Para o posto de Orientador/a de inserción Laboral: Tres (3) meses.
 - Para o posto de Técnico/a de xestión de emprego: Un (1) mes

4. Funcións e perfís requeridos:

- a) **PARA O POSTO DE COORDINADOR/A DO PROXECTO.**

Funcións: coordinación e control de todas as actividades do proxecto, formación, asesoramento e dirección do equipo de traballo, definición de metodoloxías, xestión documental do proxecto e control e xestión de documentación a xerar para a administración, xustificacións e certificacións do proxecto. Difusión e dinamización do proxecto.

Titulación: Titulación media ou superior.

Titulacións preferentes:

Psicoloxía.

Pedagogía.

Psicopedagogía.

Dereito.

Experiencia profesional: en coordinación de Programa Integrados para o Emprego, outros proxectos de inserción laboral e/ou departamentos de recursos humanos no área de selección, orientación e áreas de emprego.

Coñecementos de informática a nivel medio.

Coñecemento do Galego.

b) PARA O POSTO DE ORIENTADOR/A DE INSERCIÓN LABORAL.

Funcións: información profesional, orientación e intermediación dirixidas a mellorar as á empregabilidade dos participantes no programa

Titulación: Titulación media ou superior.

Titulacións preferentes:

Psicoloxía.

Pedagogía.

Psicopedagogía.

Socioloxía.

Dereito.

Educación social.

Traballo social.

Relacións laborais.

Experiencia profesional: en execución de proxectos de orientación e inserción laboral, noutros proxectos de inserción laboral ou emprego, e/ou departamentos de recursos humanos no área de selección ,orientación e áreas de emprego.

Coñecementos de informática a nivel medio.

Coñecemento do Galego.

c) PARA O POSTO DE TÉCNICO/A DE XESTIÓN DE EMPREGO

Funcións: tarefas de xestión e apoio a orientación, xestión de actividades do proxecto de emprego, xestión de ofertas de emprego con empresas.

Titulación: Titulación media ou superior.

Titulacións preferentes:

Educación social.

Traballo social.

Relacións laborais.

Psicoloxía.

Pedagogía.

Psicopedagogía.

Socioloxía.

Dereito.

Experiencia profesional: Técnicos/as de xestión e técnicos auxiliares en tarefas de emprego, recursos humanos, xestión de formación.

Coñecementos de informática a nivel usuario.

Coñecemento do Galego.

5. Condicións que deben cumprir os aspirantes e incompatibilidades.

Para tomar parte nas probas de selección que se convocan, será necesario reunir os seguintes requisitos:

- a) Ser español ou nacional dun estado membro da Unión Europea ou dun Estado ao que, en virtude de Tratado Internacional celebrado pola Unión Europea e ratificado por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores nos termos que esta se acha definida no Tratado Constitutivo da Comunidade Europea, ou ser cónxuxe ou descendente daqueles, nos termos previstos no artigo 57 da Lei 7/2007.

- b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.
- c) Ter cumpridos, na data da convocatoria, os dezaioito anos de idade.
- d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin acharse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- e) Estar en posesión do título para cuio nivel se concurse, expedido polo Estado Español ou debidamente homologado. Os aspirantes deberán dispoñer das condicións establecidas no presente artigo ao momento de formular a súa solicitude e, en todo caso, antes da finalización do prazo de presentación de instancias.

6. Incompatibilidades.

Aqueles aspirantes que superen as probas selectivas quedarán sometidos ó réxime de incompatibilidade establecido por Lei 53/84, do 26 de decembro e Real Decreto 598/1985, do 30 de abril, que desenvolve a Lei de Incompatibilidades.

7. Presentación de solicitudes.

As solicitudes presentaranse, conforme ó modelo que se achega como anexo, no Rexistro Xeral da Mancomunidade Terra de Celanova ou en calquera dos rexistros establecidos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, durante os cinco (5) días hábiles seguintes á publicación do anuncio no periódico “La Región”

Con ela acompañaranse a seguinte documentación:

1. D.N.I.
2. Curriculum Vitae
3. Titulación esixida
4. Contratos de traballo e Informe de Vida Laboral expedido pola Seguridade Social
5. Relación de méritos acompañada dos xustificantes acreditativos dos mesmos.

Non se valorarán os méritos que non estean debidamente acreditados dentro do prazo de presentación da solicitude.

8. Admisión dos aspirantes

Expirado o prazo de presentación de instancias, a Presidencia ditará resolución, declarando aprobada a lista de persoas admitidas e excluídas.

Só se terán en conta os méritos aportados dentro do prazo de presentación de solicitudes, non tomándose en consideración os que se acheguen con posterioridade ao remate de dito prazo, que serán considerados como achega de nova de documentación fora de prazo.

As reclamacións será aceptadas ou rexeitadas por resolución da Presidencia.

9. Sistema selectivo: Fase do Concurso e puntuación da mesma.

A FASE DE CONCURSO consistirá nos méritos alegados documentalmente polos aspirantes conforme ao seguinte baremo:

| VALORACIÓN DE MÉRITOS PARA O POSTO COORDINADOR/A DO PROXECTO | |
|---|---|
| Titulación (máximo 3 PUNTOS) | Titulacións establecidas como preferente: Psicoloxía, Pedagogía, Psicopedagogía, Dereito 3 puntos. Outras titulacións. 1 punto. |
| Formación complementaria relacionada coa actividade (máximo 6 PUNTOS) | - Formación superior en Dirección, Liderazgo y/o Habilidades Directivas, cunha duración superior a 500 horas: 3 puntos. Máximo 3 puntos - Formación superior en Dirección de Recursos Humanos, cunha duración superior a 600 horas: 2 puntos. Máximo 2 puntos - Cursos de formación en materias relacionadas con competencias, emprego, orientación, intermediación, coaching para o emprego, cunha duración superior a 60 horas. (0,5 puntos por curso superior a 50 horas). Máximo 2 puntos - Cursos de formación en materia de igualdade de oportunidades, cunha duración superior a 50 horas. (0,5 puntos por curso). Máximo 1 punto |
| Experiencia profesional (máximo 8 PUNTOS) | (a) Como coordinadores/as e/ou orientadores/as laborais en Programas Integrados/ Experimentais para o Emprego en concellos e entidades sen ánimo de lucro: 1 punto/semestre traballado. Máximo 4 puntos. (b) Como orientadores laborais, coordinadores, intermediadores en programas e/ou actividades relacionados con mellora da empregabilidade. 0,5 puntos/semestre. Máximo 2 puntos (c) En áreas de RRHH en empresas, como Responsable de Proxectos, Coordinación de Proxectos Formativos, Selección e Consultoría de RRHH: 1 punto/semestre traballado. Máximo 3 puntos |
| Coñecemento do Galego (Só se computará o de maior puntuación) | (a) Curso de Iniciación ou equivalente: 0,15 puntos. (b) Perfeccionamento ou equivalente 0,25 puntos. |
| Entrevista persoal (Máximo 3 PUNTOS) | A Comisión de Selección, para acadar unha puntuación final que permita seleccionar á persoa máis idónea para os postos de traballo en cuestión realizará unha a entrevista persoal a cada un/unha dos/as aspirantes, que se sumarán á puntuación obtida na valoración dos méritos. |

| VALORACIÓN DE MÉRITOS PARA O POSTO ORIENTADOR/A DE INSERCIÓN LABORAL | |
|---|--|
| Titulación (máximo 3 PUNTOS) | Titulacións establecidas como preferente: Psicoloxía, Pedagogía, Psicopedagogía, Dereito, Relacións Laborais, Educación social, Traballo social, Socioloxía 3 puntos. Outras titulacións. 1 punto. |
| Formación complementaria relacionada coa actividade (máximo 6 PUNTOS) | -Formación superior en Recursos Humanos e/ou Emprego, cunha duración superior a 400 horas: 2 puntos. Máximo 2 puntos - Cursos de formación en materias relacionadas con competencias, emprego, orientación, intermediación, coaching para o emprego, cunha duración superior a 60 horas. (0,5 puntos por curso superior a 50 horas). Máximo 4 puntos - Cursos de formación en materia de igualdade de oportunidades, cunha duración superior a 50 horas. (0,5 puntos por curso). Máximo 1 punto |
| Experiencia profesional (máximo 8 PUNTOS) | (a) Como orientadores e/ou intermedidadores laborais en Programas Integrados/ Experimentais para o Emprego en concellos e entidades sen ánimo de lucro: 1 punto/semestre traballado. Máximo 4 puntos. (b) Como orientadores laborais e/ou intermediadores laborais en programas e /ou actividades relacionados coa mellora da empregabilidade. 0,5 puntos/semestre. Máximo 2 puntos (c) En áreas de RRHH en empresas, como técnicos de emprego, selección, recrutamento, formación: 1 punto/semestre traballado. Máximo 3 puntos |
| Conocemento do Galego (Só se computará o de maior puntuación) | (a) Curso de Iniciación ou equivalente: 0,15 puntos. (b) Perfeccionamento ou equivalente 0,25 puntos. |
| Entrevista persoal (máximo 3 PUNTOS) | A Comisión de Selección, para acadar unha puntuación final que permita seleccionar á persoa máis idónea para os postos de traballo en cuestión realizará unha a entrevista persoal a cada un/unha dos/as aspirantes, que se sumarán á puntuación obtida na valoración dos méritos. |

| VALORACIÓN DE MÉRITOS PARA O POSTO TÉCNICO/A DE XESTIÓN DE EMPREGO | |
|---|---|
| Titulación (máximo 3 PUNTOS) | Titulacións establecidas como preferente: Psicoloxía, Pedagogía, Psicopedagogía, Dereito, Relacións Laborais, Educación social, Traballo social, Socioloxía 3 puntos. Outras titulacións. 1 punto. |
| Formación complementaria relacionada coa actividade (máximo 6 PUNTOS) | - Cursos de formación en materias relacionadas con emprego, integración, orientación, intervención, intermediación e mediación, xestión de recursos humanos cunha duración superior a 60 horas. (0,5 puntos por curso superior a 50 horas). Máximo 6 puntos - Cursos de formación en materia de igualdade de oportunidades, cunha duración superior a 50 horas. (0,5 puntos por curso). Máximo 1 punto |
| Experiencia profesional (máximo 8 PUNTOS) | (a) Como técnicos, personal de apoio e xestión en Programas de emprego e/ou programas no área social: 1 punto/semestre traballado. Máximo 4 puntos. (b) Como técnicos, auxiliares de xestión en empresas dentro do área de RRHH, postos de asesoramento, información, tarefas de xestión, con usuarios/as: 1 punto/semestre traballado. Máximo 4 puntos |
| Conocemento do Galego (Só se computará o de maior puntuación) | (a) Curso de Iniciación ou equivalente: 0,15 puntos. (b) Perfeccionamento ou equivalente 0,25 puntos. |
| Entrevista persoal (Máximo 3 PUNTOS) | A Comisión de Selección, para acadar unha puntuación final que permita seleccionar á persoa máis idónea para os postos de traballo en cuestión realizará unha a entrevista persoal a cada un/unha dos/as aspirantes, que se sumarán á puntuación obtida na valoración dos méritos. |

10. Tribunal cualificador

O procedemento de actuación do tribunal axustarase ao establecido nas presentes bases e na normativa aplicable á formación da vontade dos órganos colexiados, tanto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, como nas demais normas aplicables.

11.Proposta do tribunal

Finalizado o proceso selectivo, o tribunal fará pública a puntuación total das persoas candidatas propoñendo a contratación das que obteñan a maior puntuación final. As persoas aspirantes seguintes, se as houbera, determinadas por orde descendente de puntuación, serán propostas polo tribunal para formar parte da lista de substitucións para cubrir posibles empregos temporais no desenvolvemento de dito programa.

12.Contratación

O presidente resolverá a contratación das persoas propostas polo tribunal, así como a relación de aspirantes que pasarán a formar parte da lista de substitucións

13.Incidencias

O tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso en todo o non previsto nas bases.

14.Publicidade do proceso selectivo

O anuncio da convocatoria publicarase nun dos medios de comunicación de maior difusión da provincia: o periódico “La Región”.

As Bases quedarán publicadas na páxina web e no taboleiro de anuncios da Mancomunidade Terra de Celanova

As demais publicacións do proceso selectivo faranse no taboleiro de anuncios desta Mancomunidade.

ANEXO I.- MODELO DE SOLICITUDE:

D/D^a,
con DNI nº, domicilio a efecto de notificacións en

teléfono, solicita tomar parte no proceso de selección convocado pola Mancomunidad Terra de Celanova para a contratación laboral temporal por obra ou servizo determinado, de:

- Coordinador do proxecto
- Orientador de Inserción Laboral
- Técnico de Xestión de Emprego

para o programa integrado de emprego “Empregando en Terra de Celanova”, declarando que reúne os requisitos sinalados nas bases da presente convocatoria, que declara coñecer. Achégase a seguinte documentación, orixinal e fotocopia;

1. D.N.I.
2. Currículum vitae
3. Titulación esixida.
4. Contratos de traballo e Informe de Vida Laboral expedido pola Seguridade Social
5. Relación de méritos acompañada dos xustificantes creditativos dos mesmos

En Celanova, a de de 2018

PRESIDENTE DA MANCOMUNIDADE TERRA DE CELANOVA